



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, POLA QUE SE ACORDA A INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A DECLARACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COMO HERDEIRA *AB INTESTATO* DE DONA GLORIA CABRERA ÁLVAREZ.

Dona Gloria Cabrera Álvarez, con DNI: 32.111.284-H, nada na Habana (Cuba) o 2 de setembro de 1923, faleceu o 29 xuño de 2015 en Culleredo (A Coruña), con derradeiro domicilio, segundo o padrón municipal de habitantes da Coruña, na rúa Vila de Negreira desa cidade, datos que figuran comprobados xunto co da súa veciñanza civil galega, no informe preliminar do 4 de xullo de 2024 do Servizo de Protección e Defensa Patrimonial da Subdirección Xeral do Patrimonio. O devandito informe foi emitido logo da realización das actuacións previas que levan a considerar procedente a apertura do procedemento administrativo para a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira *ab intestato* da sinalada persoa causante, pola presunta ausencia doutros herdeiros con dereito a suceder preferente ao da Administración autonómica, de conformidade co disposto na Lei 2/2006 de dereito civil de Galicia.

Segundo o anterior, en exercicio das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio no artigo 4 da Lei 6/2023, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e no seu Título III, así como nos artigos 14 e 16 do Decreto 141/2024, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública,

RESOLVO:

1º.- Incoar procedemento para a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como herdeira *ab intestato* de dona Gloria Cabrera Álvarez.

2º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública, Área Temática de Patrimonio, Anuncios, que se poderá consultar na seguinte ligazón: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/anuncios>

3º.- Remitir copia da presente resolución aos concellos de Culleredo e da Coruña, así como a calquera outro no que durante a instrución deste procedemento se





detecten bens da persoa causante, para a súa exposición pública no seu taboleiro de anuncios, por prazo non inferior a trinta días naturais.

O prazo máximo ordinario para resolver este procedemento é dun ano a contar desde a data de adopción da presente resolución.

Con anterioridade á resolución do procedemento, calquera persoa interesada poderá presentar alegacións ou achegar os documentos e outros elementos de xuízo que considere oportunos, que se dirixirán á Consellería de Facenda e Administración Pública, Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, Subdirección Xeral do Patrimonio, Código expediente ABI/2018/0014, rúa Pastoriza nº8, CP 15781 - Santiago de Compostela.

Conforme ao previsto no artigo 112.1, parágrafo segundo, da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, contra a presente resolución non se poderá interpor recurso administrativo, sen prexuízo de que as alegacións de oposición que se presenten a este acto de trámite, sexan obxecto de consideración, se procede, na resolución que poña fin ao procedemento.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
José María Barreiro Díaz

